



Concello de Foz (Lugo)  
CIF: P2701900I  
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24  
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27  
982 14 02 21  
Fax: 982 14 16 00

**Visto Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local de Foz, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017, 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.**

Visto informe de Intervención de data 22 de xuño de 2018, o Señor Alcalde-Presidente **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Levantar o reparo de intervención nº 43/2018, de data 22 de xuño de 2018.

Realizar unha convocatoria para selección e posterior contratación de:

- **TRES CONDUTORES VEHÍCULO MOTOBOMBA.**

**Segundo.-** Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

**Terceiro.-** Publicar as bases nun Diario de maior difusión da provincia, no Taboleiro de anuncios do Concello de Foz, e na páxina web [www.concellodefoz.es](http://www.concellodefoz.es)

Mandao e asinao, o Alcalde, Javier Jorge Castiñeira, no Concello de Foz, en data de sinatura, do que eu, como Secretario, asino no exercicio da función de fe pública, de acordo co art. 2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.

O Alcalde  
Asdo. Javier Jorge Castiñeira  
Fernández

O Secretario  
Asdo. Ricardo Fernández

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**



Concello de Foz (Lugo)  
CIF: P2701900I  
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24  
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27  
982 14 02 21  
Fax: 982 14 16 00

## ANEXO

### **BASES DA CONVOCATORIA QUE REXIRAN O PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISION MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE TRES CONDUTORES DE VEHÍCULO MOTOBOMBA**

#### **1.- Obxecto.-**

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de tres **CONDUTORES VEHÍCULO MOTOBOMBA**, a xornada completa e baixo a modalidade de contrato por obra ou servizo de duración determinada regulado no Artigo 15.1.a) del Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, segundo o “Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Foz para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba”.

Funcións a desempeñar:

- Persoal que se ocupa da vixilancia de incencios utilizando os medios de desprazamento postos á súa disposición, dando os oportunos avisos e iniciando as tarefas propias da extinción, no caso de detectar algún incendio.
- Labores que esixen esforzo físico vinculado ás funcións da defensa contra incendios.
- Utilizarán a maquinaria e os aperiros de manexo manual propios das tarefas encomendadas á defensa contra incendios.

A duración do contrato será de DOUS MESES E MEDIO.

O gasto de persoal será dun:

- Salario Bruto de 1.042.39 €/mes
- Seguridade Social de 397.15 €/mes
- Indemnización total 74.45 €

#### **2.- Condicións dos aspirantes.-**

Para participar nesta convocatoria será necesario reunir os REQUISITOS que se indican a continuación:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- Ter cumpridos 16 anos e non exceder de 60 anos.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Estar en posesión do carné de conducir tipo C en vigor.
- Posuír a titulación esixida. Titulación esixida: certificado de escolaridade, EGB, ESO ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación e ademais achegarase ao título a súa tradución xurada.

Os anteriores requisitos e os específicos que se esixen para a praza débense reunir con referencia ó último día de prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar na súa posesión durante todo o proceso selectivo.

#### **3.- Presentación de solicitudes.-**



Concello de Foz (Lugo)  
CIF: P2701900I  
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24  
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27  
982 14 02 21  
Fax: 982 14 16 00

As solicitudes para participar no proceso selectivo dirixiranse o Presidente da Corporación e presentaranse no Rexistro Xeral de entrada de documentos da Corporación **NO PRAZO DE CINCO DIAS HÁBILES** contados dende o día de publicación do anuncio nun Diario de maior difusión da provincia. As Bases de selección publicaranse na máxima web do Concello: [www.concellodefoz.es](http://www.concellodefoz.es) e Tablón de anuncios.

Os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deberán remitir por fax ao Concello copia selada da instancia dentro do prazo de 5 días hábiles sinalado anteriormente (nº de fax: 982 141600).

No caso de non presentala instancia coa documentación obrigatoria no prazo establecido para elo, entenderase que o candidato non está interesado no posto ofertado.

#### **4.- Documentación a presentar.**

- a) Solicitud de participación anexa á estas Bases.
- b) Fotocopia do DNI.
- c) Fotocopia do carné de conducir.
- d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- e) Fotocopia da titulación esixida.
- f) Documentación xustificativa dos méritos alegados.
- g) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación.
- h) Deberá presentarse **declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade**, de acordo co establecido **Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou no caso de incorrer en algunha incompatibilidade, declaración xurada da actividade/es, horario e retribucións**

A compulsa da anterior documentación deberá facela o aspirante que resulte seleccionado.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar nas súas solicitudes, podendo unicamente demandar a súa modificación, mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias, establecido nas presentes bases.

#### **5.-Tribunal cualificador.**

##### **1.- Composición do Tribunal.**

Presidente: Traballador/a do Concello de Foz.  
Secretario: Traballador/a do Concello de Foz.  
Vogais: 3 Traballadores/as do Concello de Foz.

A composición do tribunal de selección e a data da proba de aptitude física e a de valoración de méritos fixaranse pola Alcaldía cando se aprobe a lista de admitidos, e notificarase aos interesados mesmo por vía telefónica se fora necesario pola urxencia da contratación. Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web: [www.concellodefoz.es](http://www.concellodefoz.es), así como calquera outro tipo de comunicación relacionada co proceso de selección.



Concello de Foz (Lugo)  
CIF: P2701900I  
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24  
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27  
982 14 02 21  
Fax: 982 14 16 00

## **2. - Abstención e recusación.**

Os membros do tribunal deberán de absterse de formar parte de estes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, notificándollo á autoridade convocante.

Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 29 da mencionada lei.

## **3. - Constitución e actuación.**

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de mais da metade dos membros. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

A actuación do tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. As decisións adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás que colaborarán co órgano de selección.

## **4. - Vinculación das resolucións do tribunal.**

O presidente da Corporación resolverá de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter vinculante. De conformidade co Art. 61.8 da Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, e co fin de asegurar a cobertura do posto de traballo convocado, si se produce a renuncia do aspirante seleccionado, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o Alcalde-presidente poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan ao proposto, para o seu posible nomeamento.

## **6.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN. CONCURSO-OPOSICIÓN.**

### **A) FASE DE PROBA DE APTITUDE FÍSICA**

Para poder ser contratado será imprescindible a superación dunha proba de aptitude física: proba do banco que consistirá en subir e baixar dun banco de 40 cm de altura para os homes e 33 cm para as mulleres, a razón de 90 movementos (22,5 veces por minuto) durante un período de 5 minutos, e é necesario para poder ser considerado apto obter como mínimo os parámetros de capacidade aeróbica, pola aplicación dos resultados da idade, peso e pulsacións segundo as táboas propias desta proba, que será de 35.

Os aspirantes deberán acudir á realización da proba provistos do DNI e dun certificado médico oficial ou informe sobre o estado de saúde, asinado por un colexiado en exercicio no que se faga constar que non presenta enfermidade ou minusvalidez que impida o correcto desenvolvemento dunha proba de esforzo físico. O devandito certificado haberá de ter unha antigüidade máxima de 3 meses respecto da data de realización da proba.

Esta proba será eliminatoria e o resultado será **apto** ou **non apto**. Aqueles aspirantes que non a superen non pasarán a seguinte fase de valoración de méritos.

### **B) FASE CONCURSO DE MÉRITOS**

**Primeiro:** Valoraranse os méritos determinados a continuación que sexan alegados e plenamente xustificadas polos solicitantes no momento de presentación da instancia para



Concello de Foz (Lugo)  
CIF: P2701900I  
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24  
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27  
982 14 02 21  
Fax: 982 14 16 00

participar en este proceso selectivo. Puntuará de acordo co seguinte baremo e ata un máximo de oito puntos (10,00 puntos):

a) Participación en cursos ou xornadas.- sempre que teñan relación directa coas actividades a desenvolver no posto de traballo ó que se opta (máximo de 2,00 puntos).

- |                                 |                   |
|---------------------------------|-------------------|
| • Cursos de mais de 100 horas   | 1,00 puntos/curso |
| • Cursos de entre 50-100 horas  | 0,50 puntos/curso |
| • Cursos de entre 20 - 50 horas | 0,20 puntos/curso |
| • Cursos de menos de 20 horas   | 0,10 puntos/curso |

**A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.** No suposto de que non conste o número de horas de acción formativa entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

b) Experiencia laboral.- (máximo 5 puntos) :

- Por servizos prestados na Administración Pública en postos similares ó posto ó que opta: 0,20 puntos por mes completo ou fracción.
- Por servizos prestados en empresas privadas en postos similares ó posto ó que opta: 0,10 puntos por mes completo ou fracción.

A experiencia laboral acreditarase mediante os **contratos de traballo e o informe de vida laboral** correspondente, que no caso de que este último non se poida presentar coa solicitude permitírase a súa presentación o día da entrevista.

c) Por ter unha antigüidade superior a dous anos do carné de conducir tipo C.- (0,50 puntos).

## **7.- Lista de aprobados e proposta de nomeamento:**

A puntuación definitiva e a orde de cualificación estarán determinados pola suma de puntuacións obtidas a teor das bases.

Finalizado o proceso selectivo, remitírase o acta da última sesión ó Presidente da Corporación para que faga o nomeamento, sendo propostos os candidatos que obtiveran maior puntuación. A lista das persoas seleccionadas publicarase no taboleiro de edictos do Concello. Farase una bolsa cos candidatos propostos non nomeados.

## **8.- Contratación e presentación de documentos.-**

9.1.- O seleccionado/a deberá aportar antes da formalización do contrato a seguinte documentación, si ben a mesma poderá tamén ser aportada en calquera momento do proceso selectivo.

- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ó momento de toma de posesión.
- Número de conta corrente para realizar o ingreso da nómina.



Concello de Foz (Lugo)  
CIF: P2701900I  
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24  
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27  
982 14 02 21  
Fax: 982 14 16 00

9.2.- Os que tivesen a condición de funcionario das administracións públicas estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, en este caso, presentarán certificación da Administración pública da que dependen que acredite esta condición.

9.3.- Igualmente, non terán que xustificar documentalmente os méritos alegados os candidatos, cando xa consten nesta entidade. Non obstante, **será necesario sinalar ditos méritos alegados na solicitude** para o seu cómputo.

9.4.- Os que non presenten a documentación esixida (non sendo por causa de forza maior), non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as súas actuacións sen prexuízo de outras responsabilidades nas que puidesen incurrir.

### **9.- Nomeamento e formalización dos contratos.-**

Finalizada a selección formalizarase o oportuno contrato laboral temporal.

### **10.- Norma final.-**

11.1.- So o feito de presentar instancia coa que solicita participar na convocatoria constitúe sometemento expreso dos aspirantes ás bases reguladoras dela, que ten consideración de Lei reguladora da convocatoria.

11.2.- Esta convocatoria, as e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do órgano de selección poderán ser impugnados polos interesados nos casos, termos e na forma que dispón a Lei 30/92, de 26 de novembro y demais lexislación de aplicación.

11.3.- O órgano de selección é competente para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo funcionamento de esta convocatoria.

11.4.- Todos os avisos, citacións e convocatorias que se realicen ós aspirantes, que non sexan os que obrigatoriamente se mencionan en estas bases, realizaranse unicamente por medio do taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web.

## **ANEXO MODELO DE INSTANCIA**

**Posto ó que se opta: CONDUCTOR VEHÍCULO MOTOBOMBA**

**MODELO DE SOLICITUDE POSTO DE TRABALLO DE**  
.....



Concello de Foz (Lugo)  
 CIF: P2701900I  
 Avda. Álvaro Cunqueiro, 24  
 27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27  
 982 14 02 21  
 Fax: 982 14 16 00

D/ D<sup>a</sup>....., con DNI N<sup>o</sup> ....., e domicilio, a efectos de notificación, en.....  
 .....C.P..... Teléfono de contacto .....

**Expón:**

Que enterado da convocatoria publica efectuada polo Concello de Foz desexa participar no concurso convocado para a provisión do posto de traballo de CONDUTOR VEHÍCULO MOTOBOMBA mediante contratación en réxime laboral de contrato por obra ou servizo, modalidade de contrato de duración determinada a tempo completo, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Decreto de Alcaldía de 2 de xullo de 2015.

A tal efecto se faise constar:

- Que reúne todos y cada uno de los requisitos esixidos na base cuarta da convocatoria.
- Que aporto a seguinte documentación:
  1. Solicitud de participación anexa a las Bases. (ANEXO I).
  2. Fotocopia de DNI.
  3. Fotocopia do carné de conducir.
  4. Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
  5. Fotocopia do título esixido.
  6. Documentación acreditativa e méritos alegados:

➤ Cursos ou xornadas

- .....
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....

➤ Experiencia laboral

- .....
- .....
- .....
- .....
- .....
- .....

➤ Dous anos carné C: SI  NON

7. Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación
8. **Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade**, de acordo co establecido **Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou no caso de incorrer en algunha incompatibilidade, declaración xurada da actividade/es, horario e retribucións**

**Solicita:**



Concello de Foz (Lugo)  
CIF: P2701900I  
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24  
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27  
982 14 02 21  
Fax: 982 14 16 00

Ser admitida/o a participar na presente convocatoria.

O abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

Foz, a ..... de ..... de 2018.

Sinatura: \_\_\_\_\_